

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MALPICA DE BERGANTIÑOS

##### Secretaría

*Bases reguladoras para a convocatoria de axudas ás entidades sen ánimo de lucro para o fomento do asociacionismo e a cultura 2013 (anexos - impresos)*

#### **BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A CULTURA 2013.**

#### DISPOSICIÓN XERAIS

##### 1.-Finalidade e obxecto.

Sendo a finalidade desta convocatoria apoiar ás entidades sen fins de lucro no seu funcionamento ou no mantemento das súas actividades e nas programacións que desenvolvan en materia de cultura, conforme ó disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local; e na normativa que a desenvolve; na Lei 5/1997, de administración local de Galicia, e con cargo ás partidas presupostarias correspondentes do Concello de Malpica de Bergantiños, convócanse, para o período que vai comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013, as axudas para os programas que deseguido se detallan:

##### 1.1. Programa, límites de crédito dos programas e aplicación orzamentaria

O importe global para as presentes subvencións será de 17.000,00 € con cargo á partida 330.480 do orzamento do Concello de Malpica para o ano 2013 actualmente en vigor.

| PROGRAMAS                                       | PARTIDA | CRÉDITO ORZAMENTARIO |
|---|---------|----------------------|
| 1.- PROMOCIÓN DAS CABALGADAS DE REIS            | 334.480 | 1.000,00 €           |
| 2.-PROMOCIÓN DAS ACTIVIDADES DE ENTROIDO        | 334.480 | 2.000,00 €           |
| 3.-PROMOCIÓN DOS ENCONTROS E FESTIVAIS CULTURAI | 334.480 | 1.500,00 €           |
| 4.- PROMOCIÓN CULTURAL                          | 334.480 | 12.500,00            |
| TOTAL   | 334.480 | 17.000,00            |

O alcalde, despois da proposta da Comisión Avaliadora, poderá aprobar a modificación das contías asignadas a cada programa da presente convocatoria.

##### 1.2. Obxecto das axudas convocadas:

1.2.1.- No Programa de Promoción das Cabalgadas de Reis: subvencionaranse os gastos derivados da organización de Cabalgadas de Reis nas diferentes parroquias do Concello. Ata un máximo de 280,00 €.

1.2.2.- No Programa de Promoción das Actividades do Entroido: subvencionarase a realización das manifestacións tradicionais do Entroido en cada parroquia, así como a realización de actividades especialmente dedicadas ós nenos, cunha cantidade máxima de 400,00 € para aquelas actividades que acrediten un especial interese etnográfico e/ou se complementen con actividades dirixidas á infancia e á xuventude.

1.2.3.- No Programa de Promoción dos Encontros e Festivais Culturais: subvencionarase a realización de concertos musicais, encontros culturais e outras actividades de natureza análoga no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de decembro, especialmente aqueles que teñan capacidade de incidir na promoción turística do Concello e os que se dirixan á mocidade como público preferente.

1.2.4.- No Programa de Promoción Cultural: subvencionaranse todo tipo de actividades culturais, que non sexan obxecto de axuda noutros programas desta convocatoria, así como os gastos de funcionamento das entidades culturais, sen máis limitacións das establecidas con carácter xeral.

Con carácter xeral, non poderán ser obxecto de axuda na presente convocatoria as actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras axudas do Concello de Malpica de Bergantiños.

## 2.-Solicitantes.

2.1.- Poderán optar ós programas contidos na presente convocatoria:

a) As entidades xuridicamente constituídas que cumpran os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

b) As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, que deberán facer constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terá igualmente a consideración de beneficiario. Indicación do representante ou apoderado único (e acreditación do nomeamento), con poderes banstantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. As agrupacións deberán asemade cumprir os seguintes requisitos:

- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Ter capacidade suficiente para levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos que motiva a concesión da subvención.
- Comprometerse a non disolver a agrupación ata que teña transcorrido o prazo de prescripción previsto nos artigos 39 e 65 da LXS.
- Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario dispostos no artigo 13 da LXS.

## 3.-Condicións.

3.1. As entidades poderán solicitar axudas a cada un dos programas (Promoción cultural, promoción das actividades de Antroido, promoción dos concertos de verán e promoción das cabalgadas de reis).

3.2. O Concello de Malpica poderá conceder ata un máximo de 4.000,00 € polo total das peticións a cada entidade solicitante.

3.3. Non obstante, para a concesión primarase o maior esforzo económico que a realización das actividades supón para a entidade solicitante.

3.4. A entidade que recibise unha axuda do Concello de Malpica fará constar en lugar visible e destacado da publicidade da actividade a colaboración do Concello de Malpica de Bergantiños coa lenda: "Patrocina: Concello de Malpica de Bergantiños" acompañada do seu anagrama. O tamaño do anagrama e lenda deberá ser, cando menos, de igual tamaño que os restantes que aparezan no mesmo soporte gráfico.

3.5. A publicidade e materiais gráficos elaborados con motivo das actividades que reciban axudas do Concello de Malpica de Bergantiños utilizarán o idioma galego.

3.6. Non serán subvencionables os gastos en bebidas alcohólicas, alimentación, nin viaxes ou excursións, neste último caso salvo que se xustifique suficientemente o seu carácter exclusivamente cultural.

## 4. Documentación.

4.1. As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Concello de Malpica de Bergantiños. Achegarase tamén a seguinte documentación:

- a. Fotocopia da tarxeta do CIF da entidade.
- b. Fotocopia dos estatutos da entidade.
- c. Fotocopia da tarxeta do NIF do representante.
- d. Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo modelo aprobado polo Concello de Malpica.
- e. Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello de Malpica.
- f. Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.

g. Memoria explicativa da actividade que se vai realizar, que fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, ó calendario fixado e ó resumo dos programas levados a cabo no exercicio anterior, se é o caso.

h. Deberá presentar, tamén, unha previsión de ingresos e gastos da actividade para a que solicita axuda.

i. Memoria explicativa das actividades que ten realizado ou programado realizar no ano en curso.

j. Certificado en vigor acreditativo de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, así como autorización ao concello para a verificación de atoparse ao día coa facenda municipal.

4.2. A documentación sinalada nos apartados a), b), c) e d) non terá que ser presentada se xa se presentou ó solicitar a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e non houbo variación nela, a tal efecto dita documentación poderá substituírse mediante declaración xurada conforme a cal dita documentación non ten sufrido modificacións e non teñen transcorrido máis de 5 anos dende a súa presentación.

4.3. A documentación que se entregue en fotocopia ha de vir debidamente compulsada.

4.4. O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4, deberá ser emendado no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento.

#### 5. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

5.1. As solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de Malpica de Bergantiños e na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5.2. O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte ó de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

#### 6.-Resolución dos programas.

6.1. A concesión das subvencións realizarase, despois do informe do Departamento de Educación e Cultura, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica, a proposta motivada da Comisión Avaliadora composta polos seguintes membros:

O alcalde.

A concelleira de Educación e Cultura.

1 concelleiro/a designado polo alcalde.

O técnico responsable do Departamento de Educación e Cultura, con voz pero sen voto.

6.2. A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades que se van realizar e a programación de actividades anual, en función dos seguintes criterios:

##### 6.2.1. Promoción das cabalgadas de reis

Pola organización da cabalgada de reis nunha parroquia (0-3)

Pola organización da cabalgada de reis en dúas parroquias (3-5)

Pola organización da cabalgada de reis en tres parroquias (5-7)

##### 6.2.2. Promoción das actividades de Entroido

Pola inclusión na proposta de actividades destinadas á infancia (0-2)

Polo especial interese etnográfico da actividade a subvencionar (0-8)

##### 6.2.3. Promoción dos encontros e festivais culturais

Financiamento achegado pola entidade solicitante (0-5)

Número de beneficiarios da actividade para a que se solicita axuda (0-5)

Interese turístico da actividade para a que se solicita axuda (0-10)

Programa da actividade para a que se solicita axuda (0-20)

##### 6.2.4. Promoción do asociacionismo e a cultura

Financiamento achegado pola propia entidade (0-5 puntos).

Número de beneficiados directa ou indirectamente polas actividades (0-10 puntos).

A programación anual de actividades da asociación (0-20)

Interese das actividades para as que se solicita a axuda (de 0-65 puntos) en función de:

A súa repercusión no espallamento e na conservación dos costumes e das tradicións específicas do noso Concello (0-20 puntos).

O carácter periódico ou permanente das actividades obxecto de subvención (de 0-15 puntos).

A proposta de actividades que complementen a oferta existente (0-5 puntos).

A asistencia ás xuntanzas de programación participativa (de 0-15 puntos).

A coordinación co Concello no desenvolvemento das actividades (de 0-10 puntos).

6.3. A resolución da concesión das achegas realizarase mediante acordo da Xunta de Goberno Local, despois do ditame da Comisión Avaliadora, nun prazo que non poderá exceder de 3 meses dende a publicación das bases.

6.4. Non téndose notificado resolución expresa nese prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas. A práctica de notificación axustarase ás disposicións contidas no artigo 59 da Lei 30/92 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## 7. Xustificación e pagamento.

### 7.1.-Consideracións xerais.

7.1.1. O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, o total do importe da subvención concedida e no caso de existir outras axudas, a suma das subvencións concedidas para o mesmo obxecto, obtidas de administracións públicas ou de entidades privadas.

7.1.2. O pago das subvencións realizarase, despois da xustificación polo beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu, nos termos establecidos nas presentes bases, establecéndose como prazo máximo para dita xustificación o 1 de decembro de 2013.

Producirase a perda do dereito ó cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de cumprimento das condicións de xustificación, sendo aplicable o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións en canto ó reintegro e responsabilidades.

7.1.3. Os gastos xustificables deberán axustarse ós conceptos incluídos no orzamento inicial.

Non obstante, despois da solicitude razoada do beneficiario da subvención, poderá autorizarse o cambio dos obxectivos ou conceptos concretos que se detallan na memoria ou no presuposto da solicitude, sempre que se manteña a finalidade da subvención. Esta solicitude deberá presentarse antes de 15 días do fin do prazo inicial de xustificación e requirirá a proposta da correspondente Comisión Avaliadora, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

\* Se o presuposto da nova actividade é superior ou igual ó presuposto subvencionado a xustificar inicial, manteranse as mesmas condicións da subvención concedida: o importe da subvención e o presuposto subvencionado que se debe xustificar.

\* Se o presuposto da nova actividade é inferior ó presuposto subvencionado que se ha de xustificar, a Comisión Avaliadora, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo presuposto subvencionado que se debe xustificar, que serán inferiores ós inicialmente establecidos.

A autorización de cambio será obxecto de resolución da Alcaldía.

7.1.4. Para o cobramento da subvención as entidades e agrupacións deberán estar ó día nas súas obrigas co Concello de Malpica de Bergantiños, así como coa axencia tributaria e a seguridade social.

7.1.5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. Polo tanto, o importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o beneficiario.

7.1.6. O beneficiario queda obrigado a facilitar canta información lle sexa requirida polo Concello e polo Consello de Contas e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei xeral orzamentaria e, no seu caso, ó disposto no Código Penal.

### 7.2. Prazo de xustificación.

7.2.1. O prazo para a xustificación das subvencións será ata o 1 de decembro de 2013.

7.2.2. Se non se presentase a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), por resolución de Alcaldía iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final será notificada á entidade.

### 7.3. Documentación xustificativa.

#### 7.3.1. Para o cobramento da subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

7.3.1.1. Declaración ou certificación de ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida, así como as memorias de prensa, os materiais gráficos editados e canta documentación contribúa a clarear a realización e alcance do investimento e, no seu caso, a acreditación de teren realizado os materiais de difusión da entidade e das actividades obxecto de axuda en galego.

7.3.1.2. Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, polo contrario, unha declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

#### 7.3.1.3. Acreditación da realización de gastos, do xeito seguinte:

a) As subvencións que teñan por finalidade a realización de actividades que xeren gastos correntes, xustificaranse mediante facturas orixinais (cos requisitos esixidos no RD 1496/2003) ou fotocopias compulsadas.

No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificante as nóminas acreditativas do pagamento ou os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

En ámbos, os dous casos, deberá acreditarse o pago das facturas ou nóminas que se presenten a efectos da xustificación da axuda. Para os gastos iguais ou superiores a 250 euros deberá acreditarse o pago, a través dalgún soporte bancario: transferencia, cheque ou tarxeta de creto ou débito. A acreditación do pago poderá realizarse no prazo de 30 días a partir do abono da axuda por parte do Concello de Malpica.

O gasto, xustificado mediante a documentación sinalada, deberá acadar, polo menos, o importe da axuda concedida, tal como vén este definido no parágrafo 1 das consideracións xerais de xustificación ou a suma das subvencións obtidas de administracións públicas ou entidades privadas, no caso de que existan.

b) En ningún caso se admitirán como xustificante dos gastos as cantidades satisfeitas ó concello, polo uso das súas instalacións.

7.3.1.4. Fotografía que testemuñe o Cartel ou medio/s de publicidade e difusión da subvención outorgada polo Concello de Malpica.

### 7.4. Tramitación da xustificación.

7.4.1. Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades e se a documentación é correcta, procederase ó pagamento do total da subvención concedida.

7.4.2. No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa corrección.

7.4.3. De non cumprirse o requisito establecido no apartado anterior dentro do prazo sinalado, e sempre que se acredite o cumprimento da finalidade, o importe da subvención reducirase proporcionalmente ós gastos xustificadas correctamente.

7.4.4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta acreditada pola entidade ou agrupación

Disposición adicional primeira.

Con carácter xeral admitiranse fotocopias, sempre que veñan compulsadas:

Diante de notario.

Pola secretaría do Concello de Malpica de Bergantiños

Polo órgano competente cando se teña presentado segundo os medios previstos no artigo 38 da Lei 30/92.

#### **Disposición adicional segunda.**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Malpica de Bergantiños do exercicio de 2013, e actualmente en vigor, así como o disposto na LXS e na LSG.

Malpica de Bergantiños, 11 de setembro de 2013.

O Alcalde

Eduardo Parga Veiga

**SOLICITUDE DE AXUDA ÁS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DO  
ASOCIACIONISMO E A CULTURA**

**2013**

**ANO**

**1.- SOLICITANTE:** (Os datos cubertos neste apartado deberán coincidir exactamente cos datos da tarxeta do CIF/NIF presentada, e cos do titular da conta bancaria)

**Datos da entidade:**

Denominación: \_\_\_\_\_ C.I.F.: \_\_\_\_\_  
 Enderezo: \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_  
 Tfno.: \_\_\_\_\_ Fax: \_\_\_\_\_ E-mail: \_\_\_\_\_  
 Nº de Rexistro na Xunta de Galicia: \_\_\_\_\_ Nº de Rexistro no Concello de Malpica \_\_\_\_\_

**Enderezo a efectos de notificación:**

Enderezo: \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_

**Datos do representante:**

Nome e Apelidos: \_\_\_\_\_ N.I.F.: \_\_\_\_\_  
 Teléfono: \_\_\_\_\_ Relación coa entidade: \_\_\_\_\_  
 e-mail: \_\_\_\_\_

**2.- PROGRAMAS ÓS QUE SE ACOLLE:**

| PROGRAMAS                               | (MARCAR CUN X DONDE CORRESPONDA) |
|---|----------------------------------|
| Promoción das cabalgadas de reis        |                                  |
| Promoción das actividades do Antroido   |                                  |
| Promoción dos festivais de verán        |                                  |
| Promoción do asociacionismo e a cultura |                                  |

**3.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN:**

|                    |
|--------------------|
| <b>1º PROGRAMA</b> |
|--------------------|

| FINALIDADE DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO | ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS | IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA |
|--|------------------------------|-----------------------------|
|  |                              |                             |

**MEMORIA EXPLICATIVA**

Proxecto da actividade ou investimento. Interese e obxectivo que se persegue:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda:

Calendario das actividades/investimentos que se realizarán:

**DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS**

(Todos os conceptos deberán axustarse ó programa polo que se opte)

| CONCEPTO     | IMPORTE |
|--------------|---------|
|              |         |
|              |         |
|              |         |
|              |         |
| TOTAL GASTOS |         |

**INGRESOS**

PROPIOS

SOLICITADOS A ESTE CONCELLO

DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

OUTROS

TOTAL INGRESOS

|             |  |
|-------------|--|
| 2º PROGRAMA |  |
|-------------|--|

| FINALIDADE DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO | ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS | IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA |
|--|------------------------------|-----------------------------|
|  |                              |                             |

### MEMORIA EXPLICATIVA

Proxecto da actividade ou investimento. Interese e obxectivo que se persegue:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda:

Calendario das actividades/investmentos que se realizarán:

### DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS

(Todos os conceptos deberán axustarse ó programa polo que se opte)

| CONCEPTO | IMPORTE |
|----------|---------|
|----------|---------|

|  |  |
|--|--|
|  |  |
|  |  |
|  |  |

TOTAL GASTOS

### INGRESOS

PROPIOS

SOLICITADOS A ESTE CONCELLO

DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

OUTROS

TOTAL INGRESOS



|                    |  |
|--------------------|--|
| <b>3º PROGRAMA</b> |  |
|--------------------|--|

| FINALIDADE DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO | ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS | IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA |
|--|------------------------------|-----------------------------|
|  |                              |                             |

### MEMORIA EXPLICATIVA

Proxecto da actividade ou investimento. Interese e obxectivo que se persegue:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda:

Calendario das actividades/investmentos que se realizarán:

### DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS

(Todos os conceptos deberán axustarse ó programa polo que se opte)

| CONCEPTO              | IMPORTE |
|-----------------------|---------|
|                       |         |
|                       |         |
|                       |         |
|                       |         |
| <b>TOTAL GASTOS</b>   |         |
| <b>INGRESOS</b>       |         |
|                       |         |
|                       |         |
|                       |         |
|                       |         |
|                       |         |
| <b>TOTAL INGRESOS</b> |         |

PROPIOS

SOLICITADOS A ESTE CONCELLO

DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

OUTROS

|                    |  |
|--------------------|--|
| <b>4º PROGRAMA</b> |  |
|--------------------|--|

| FINALIDADE DA ACTIVIDADE OU INVESTIMENTO | ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS | IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA |
|--|------------------------------|-----------------------------|
|  |                              |                             |

### MEMORIA EXPLICATIVA

Proxecto da actividade ou investimento. Interese e obxectivo que se persegue:

Número de persoas que se beneficiarán da axuda:

Calendario das actividades/investimentos que se realizarán:

### DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS

(Todos os conceptos deberán axustarse ó programa polo que se opte)

| CONCEPTO | IMPORTE |
|----------|---------|
|----------|---------|

---



---



---

TOTAL GASTOS

### INGRESOS

PROPIOS

SOLICITADOS A ESTE CONCELLO

DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

XUNTA DE GALICIA

OUTROS

TOTAL INGRESOS

#### 4. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES DA ANUALIDADE 2013 (ORZAMENTADO)

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE E DO NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE**

D/ Dona. \_\_\_\_\_, con D.N.I nº \_\_\_\_\_,  
, como secretario da entidade \_\_\_\_\_.

CERTIFICA: que na reunión da xunta directiva da mencionada entidade, celebrada o día \_\_\_\_\_,  
adoptouse o acordo de presentación da seguinte solicitude:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

así mesmo, acordouse nomear a D/Dona. \_\_\_\_\_,  
representante para as relacións desta entidade co Concello de Malpica de Bergantiños.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación en Malpica de Bergantiños a \_\_\_\_\_  
de \_\_\_\_\_, de 2013.

Vº e Prace  
O/A Presidente/a

Asdo.:  
O/A Secretario/a

**DECLARACIÓN XURADA DE NON ESTAR INCURSO EN CAUSA DE INCOMPATIBILIDADE OU INCAPACIDADE E PARA A PERCEPCIÓN DA PRESENTE ACHEGA**

(Esta declaración deberá realizala a persoa nomeada como representante)

D/Dna. \_\_\_\_\_, co DNI \_\_\_\_\_,

como representante da entidade \_\_\_\_\_

**DECLARA:** (Marcar cun X onde corresponda)

- Que coñece e acepta as bases da presente convocatoria
- Que son certos cantos datos figuran na solicitude de participación .
- Que non lle foi concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
- Que non está incurso/a en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvención ou axudas públicas (artigo 13.2 LXS )
- Que esta ó corrente das súas obrigas tributarias, de Seguridade social, coa Xunta de Galicia e coa Facenda Municipal do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Que autorizo que se soliciten datos á facenda municipal, e de non ter débedas co concello.
- Que non ten ningunha axuda do Concello de Malpica pendente de xustificación.
- Que se compromete a aportar os datos que se lle poidan solicitar aos efectos das comprobacións previstas na lexislación actual de subvencións.
- Que non houbo variacións nos datos aportados no rexistro de asociación do Concello de Malpica e hai menos de 5 anos que se presentaron no mesmo.

Malpica de Bergantiños, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013.

Sinatura,

## DOCUMENTOS QUE SE XUNTAN Á SOLICITUDE DE AXUDA

|    |   |
|----|---|
| A. | Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade  |
| B. | Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade  |
| C. | Certificación do datos bancarios, segundo modelo aprobado polo Concello de Malpica  |
| D. | Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante   |
| E. | Certificación acreditativa do acordo de solicitude e do nomeamento do representante para as súas relacións co Concello de Malpica (inclúese no modelo de solicitude)  |
| F. | Declaración do representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública, de aceptación das bases da convocatoria, de autorización para comprobar se ten débedas coa facenda municipal e de non ter axudas pendentes de xustificación co Concello de Malpica (inclúese no modelo de solicitude) |
| G. | Memoria explicativa da actividade e investimento (inclúese no modelo de solicitude)   |
| H. | Detalle do orzamento estimativo de gastos e ingresos (inclúese no modelo de solicitude)   |
| I. | Importe da axuda solicitada (inclúese no modelo de solicitude)  |
| J. | Programa anual de actividades da anualidade 2011  |
| k. | Certificado en vigor acreditativo de atoparse ao corrente de pago coa axencia tributaria e coa Seguridade Social  |
| L. | A documentación sinalada nos apartados A,B, C e D xa se presentou no rexistro de asociacións do Concello de Malpica hai menos de 5 anos e non houbo variación nela  |

Malpica de Bergantiños, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013.

Sinatura,

## XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS ÁS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A CULTURA DO ANO 2013

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

Na súa calidade de representante da entidade \_\_\_\_\_

E ó efecto de xustificar a axuda concedida a esta entidade polo Concello de Malpica ó abeiro da *Convocatoria de Axudas ás Entidades Sen Animo de Lucro para o Fomento do Asociacionismo e a Cultura* para o fin que se relaciona \_\_\_\_\_

xunto á presente a documentación que se relaciona:

- 1.- Memoria da actividade para a que se concede a axuda.
- 2.- Certificado das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas.
- 3.- Certificación de ter cumprido a finalidade para a que se obtivo a axuda.
- 4.- Certificación de estar ó corrente das súas obrigas co Concello de Malpica, a Seguridade Social e Facenda.
- 5.- Copias orixinais ou compulsadas de Facturas por un importe igual ou superior a axuda concedida ou no seu caso ó total das axudas concedidas polo Concello de Malpica e outras entidades para a mesma finalidade.

### MEMORIA DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA: (Unha por cada programa)

Malpica de Bergantiños a .....de ..... de 2013.

Asdo.: O/A PRESIDENTE/A / REPRESENTANTE  
DA ASOCIACIÓN

**ANEXO I**

D/D<sup>a</sup>.....Presidente/a /  
 Secretario/a da Asociación.....  
 CIF: .....

**CERTIFICO:**

Que as facturas que se presentan no expediente de xustificación de gastos da subvención concedida polo Concello de Malpica, acreditan a realización dos mesmos e a súa afectación á finalidade para a que foi concedida a subvención.

| Nº DE ORDEN | Nº DE FACTURA | DATA | PERCEPTOR | CONCEPTO | IMPORTE € |
|-------------|---------------|------|-----------|----------|-----------|
|             |               |      |           |          |           |
|             |               |      |           |          |           |
|             |               |      |           |          |           |
|             |               |      |           |          |           |
|             |               |      |           |          |           |

Ó mesmo tempo certifícase que para o mesmo fin obtiveronse as axudas que se relacionan:

| ENTIDADE     | IMPORTE |
|--------------|---------|
|              |         |
|              |         |
|              |         |
| <b>TOTAL</b> |         |

Non se obtivo ningunha outra axuda destinada á mesma finalidade por parte doutra Administración Pública ou entidade privada.

Malpica de Bergantiños a .....de ..... de 2013.

Asdo.: O/A PRESIDENTE/A / SECRETARIO/A  
 DA ASOCIACIÓN



## ANEXO II

D/D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_

Presidente/a ou secretario/a da Asociación \_\_\_\_\_

### DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Que esta Asociación \_\_\_\_\_

1) Atópase ao corrente nas súas obrigas co Concello de Malpica de Bergantiños, coa Axencia Tributaria, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

2) Que se teñen realizado a actividade: \_\_\_\_\_  
para a/as que se obtivo a axuda.

3) Que non está incurso/a en circunstancias que supoñan a prohibición de percepción de subvención ou axudas públicas (artigo 13.2 LGS )

4) Que non se teñen modificado os datos presentados no Rexistro de Asociacións do concello (se non se aportaron outros novos) e que non teñen trancorridos 5 anos dende a dita presentación.

En Malpica de Bergantiños a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2013.

O/A PRESIDENTE/A / OU O/A SECRETARIO/A  
DA ASOCIACIÓN

Asdo.: \_\_\_\_\_

**SO PARA AGRUPACIÓNS DE PERSONAS FÍSICAS OU XURÍDAS, PÚBLICAS OU PRIVADAS SEN PERSONALIDADE****PREGO DE SINATURA**

Os peticionarios que se relacionan de seguido, reunidos en assemblea, acordan solicitar unha subvención para \_\_\_\_\_

e nomear como representante ante o Concello de Malpica de Bergantiños a: \_\_\_\_\_

Segundo dispón do artigo 11 da Lei xeral de subvencións faise constar que todos os membros da agrupación asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada e que o importe da subvención aplicarase mediante a súa división en partes iguais entre o número de membros da agrupación, asemade, comprométense a non disolver a agrupación ata que teña transcurrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da referida Lei.

| Nome e apelidos | DNI | Enderezo | Sinatura |
|-----------------|-----|----------|----------|
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |
|                 |     |          |          |

páxina núm. \_\_\_\_ de \_\_\_\_

## DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA E COMUNICACIÓN DA BAIXA DE DATOS BANCARIOS

### I. Datos do acredor (deberanse achegar fotocopia do NIF ou CIF, salvo que xa a presentase con anterioridade)

|     |                             |
|-----|-----------------------------|
| NIF | Nome ou denominación social |
|-----|-----------------------------|

|                  |           |
|------------------|-----------|
| Domicilio Fiscal | Municipio |
|------------------|-----------|

|           |               |          |
|-----------|---------------|----------|
| Provincia | Código Postal | Teléfono |
|-----------|---------------|----------|

### II. Datos do representante

|     |                             |
|-----|-----------------------------|
| NIF | Nome ou denominación social |
|-----|-----------------------------|

### III. Alta de datos bancarios

|                 |                 |    |                 |
|-----------------|-----------------|----|-----------------|
| Código entidade | Código sucursal | DC | Número de conta |
|-----------------|-----------------|----|-----------------|

#### A CUMPRIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

Certifico, a petición da persoa reflectida en "I. Datos do Acredor" e para os efectos de domiciliación dos importes que a mesma lle vaia ordenar a Tesourería do Concello de Malpica de Bergantiños, a existencia da conta referenciada en "III. Alta de datos bancarios" a nome do titular que se reflicte no citado apartado "I. Datos do acredor".

(Selo da entidade de crédito)

POLA ENTIDADE DE CRÉDITO

Asdo.: \_\_\_\_\_ -

### IV. Baixa de datos bancarios

|                 |                 |    |                 |
|-----------------|-----------------|----|-----------------|
| Código entidade | Código sucursal | DC | Número de conta |
|-----------------|-----------------|----|-----------------|

(sinatura do acredor ou representante)